

aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, así como nas demais normas que resulten aplicables.

En razón do obxecto das subvencións previstas neste real decreto, non será aplicable a obriga de publicidade das subvencións concedidas, de acordo co disposto no artigo 18.3.d) da Lei xeral de subvencións.

Disposición transitoria única. Aplicación de medidas.

1. Os incentivos para facilitar a mobilidade xeográfica e para compensar diferenzas salariais establecidas nos artigos 10 e 11, así como a contía das bonificacións por contratación indefinida establecida na disposición derradeira primeira, serán aplicables aos contratos de traballo suscritos a partir da entrada en vigor deste real decreto.

2. Para efectos das axudas por compensación de diferenzas salariais considerarase contrato anterior o que se extingue a partir da data de entrada en vigor da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e nos termos establecidos no artigo 11.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Programa de fomento do emprego regulado na Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

En exercicio da autorización ao Goberno establecida na disposición derradeira segunda da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, modifícase a contía da bonificación pola contratación indefinida a tempo completo das mulleres vítimas de violencia de xénero, que queda establecida na de 125 euros/mes (1.500 euros/ano), durante 4 anos desde a contratación, ou contía correspondente de acordo co disposto no artigo 2.7 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, se o contrato é a tempo parcial. No caso de contratación temporal a bonificación será a establecida no artigo 2.4, segundo parágrafo, da Lei 43/2006, do 29 de decembro.

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas. Exceptúase do anterior a regulación das bonificacións previstas no artigo 9 e na disposición derradeira primeira, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. Facultades de desenvolvemento.

Autorízase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 21 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

19992 REAL DECRETO 1977/2008, do 28 de novembro, polo que se regulan a composición e as funcións da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN. («BOE» 298, do 11-12-2008.)

A Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, na súa disposición derradeira primeira, punto cuarto, engadiulle á Lei de axuízamento criminal unha nova disposición adicional terceira, de acordo coa cal o Goberno, por proposta conxunta dos ministerios de Xustiza e do Interior, e logo dos informes legalmente procedentes, regularía mediante real decreto a estrutura, composición, organización e funcionamento da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN. Esa lei establece, de forma xeral, que á devandita comisión nacional lle corresponderán distintas funcións relacionadas coa acreditación, coordinación, elaboración de protocolos oficiais e determinación de condicións de seguranza dos laboratorios facultados para contrastar perfís xenéticos na investigación e persecución de delitos e a identificación de cadáveres.

A recente Lei orgánica 10/2007, do 8 de outubro, reguladora da base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN, encomendoulle á Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN, no seu artigo 5, a función específica de acreditación de todos aqueles laboratorios que realicen análises de ADN e acheguen perfís xenéticos á base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN. De acordo co devandito precepto, só poderán realizar análises do ADN para identificación xenética nos casos previstos nesa lei os laboratorios acreditados para tal fin pola Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN que superen os controis periódicos de calidade a que deban someterse.

Á vista destas previsións resulta imprescindible a posta en marcha da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN, e tras a cal figura un interese público evidente no bo funcionamento da Administración de xustiza e como garantía nos procesos penais que de xeito crecente empregan o ADN en materia de proba.

Constitúe, pois, o obxecto deste real decreto a regulación da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN, como órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Xustiza.

A norma regula, así mesmo, cales son as funcións da comisión e a súa composición, na cal se prevé a presenza dun maxistrado, un fiscal, representantes do Instituto Nacional de Toxicoloxía e de Ciencias Forenses, da Comisaría Xeral de Policía Científica e da Xefatura de Policía Xudicial da Garda Civil, representantes das policía autónomas que contan con laboratorios de ADN que se integran na base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN, así como de expertos en bioética e xenética. Tendo en conta as tarefas técnicas que han corresponder á Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN, considerouse que esta pode situarse na órbita do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, dada a súa acreditada experiencia e prestixio como centro de referencia e de control de calidade no ámbito da xenética forense.

Polo demais, establécense as normas de funcionamento que deben facer posible que a Comisión Nacional para o Uso do ADN cumpra as súas funcións. En especial, régúlase o procedemento que o novo órgano deberá seguir para a avaliación dos laboratorios de análises de ADN.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e do Interior, logo da aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2008,

DISPÓÑO :

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular a estrutura, composición, organización e funcionamento da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN.

Artigo 2. *Natureza.*

1. A Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN é un órgano colexiado adscrito organicamente ao Ministerio de Xustiza, que depende xerarquicamente da Secretaría de Estado de Xustiza.

2. O funcionamento da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN rexerase polo disposto neste real decreto e no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 3. *Funcións.*

A Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN desempeñará as seguintes funcións:

a) A acreditación dos laboratorios que estean facultados para contrastar perfís xenéticos na investigación e persecución de delitos e na identificación de cadáveres ou pescuda de persoas desaparecidas, así como avaliar o seu cumprimento e establecer os controis oficiais de calidade a que deban someterse de forma periódica os mencionados laboratorios.

Non se acreditarán laboratorios que non contén previamente coa certificación de calidade outorgada pola entidade de acreditación correspondente.

Para tal fin, a Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN establecerá, de acordo cos criterios que propoña a comisión técnica permanente, os estándares científicos, os sistemas de acreditación e os controis oficiais de calidade a que deberán someterse os laboratorios que realicen análises de ADN, atendendo ás especialidades que efectivamente vaian realizar, e acheguen perfís xenéticos á base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN.

b) O establecemento de criterios de coordinación entre os laboratorios a que se refire a alínea anterior, así como o estudo de todos aqueles aspectos científicos e técnicos, organizativos, éticos e legais que garantan o bo funcionamento dos laboratorios que integran a base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN, como base de datos nacional de perfís de ADN.

c) A elaboración e aprobación dos protocolos técnicos oficiais sobre a obtención, conservación e análise das mostras, incluída a determinación dos marcadores homoxéneos sobre os que os laboratorios acreditados deberán realizar as análises.

d) A determinación das condicións de seguranza na súa custodia e a fixación de todas aquelas medidas que garantan a estrita confidencialidade e reserva das mostras, das análises e dos datos que se obteñan destas, de conformidade co establecido nas leis.

e) O mantemento de relacións de colaboración cos organismos doutros Estados responsables da análise do ADN con fins de investigación e persecución de delitos e a identificación de restos cadavéricos ou de pescuda de persoas desaparecidas, sen prexuízo das actuacións que lles correspondan aos ministerios de Xustiza e do Interior en relación coas ditas materias.

f) A formulación das propostas, aos ministerios de Xustiza e do Interior, que se consideren necesarias para a

eficacia da investigación e persecución de delitos e a identificación de cadáveres.

g) A proposta de convenios con outras entidades para favorecer a realización de procedementos de acreditación, así como de colaboración con laboratorios non incluídos na base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN.

h) A elaboración dunha memoria anual, para a súa remisión aos ministerios de Xustiza e do Interior.

i) A aprobación das normas e dos procedementos internos de actuación para o exercicio das funcións encomendadas neste real decreto.

Artigo 4. *Composición.*

1. A Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN está integrada polos seguintes membros:

a) Presidente: o director xeral de Relacións coa Administración de xustiza.

b) Vicepresidentes: o director do Instituto Nacional de Toxicoloxía e de Ciencias Forenses e o representante da Secretaría de Estado de Seguridade designado polo seu titular.

c) Vogais:

Un funcionario adscrito aos laboratorios da Comisaría Xeral de Policía Científica, designado polo director xeral da Policía e a Garda Civil.

Un funcionario da Xefatura de Policía Xudicial da Garda Civil, designado polo director xeral da Policía e a Garda Civil.

Un maxistrado designado polo ministro de Xustiza.

Un fiscal designado polo ministro de Xustiza.

Un experto en bioética designado polo ministro de Xustiza.

Un experto en xenética designado polo ministro de Ciencia e Innovación.

Un experto en xenética médica e patoloxía molecular do sistema nacional de saúde designado polo ministro de Saúde e Consumo.

Un médico forense designado polo ministro de Xustiza.

Un facultativo do Instituto Nacional de Toxicoloxía e de Ciencias Forenses designado polo seu director, que actuará como secretario da comisión.

2. Cando os ficheiros ou bases de ADN das policía autónomas se integren na base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN e se subscriba o acordo correspondente, tamén serán vogais da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN:

Un representante da base de datos de ADN dependente dos Mossos d'Esquadra.

Un representante da base de datos de ADN dependente da Ertzaintza.

Artigo 5. *Reunións da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN.*

A Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre, así como cando o exixa o cumprimento das súas funcións.

Artigo 6. *Comisión técnica permanente.*

1. Dentro da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN constitúese a comisión técnica permanente, para a proposta de criterios de investigación científica e técnica, así como para a proposición á Comisión Nacional dos criterios correspondentes ás funcións do artigo 3.a).

2. A comisión técnica permanente estará presidida polo director do Instituto Nacional de Toxicoloxía e de Ciencias Forenses e integrada polos representantes dos laboratorios das forzas e corpos de seguranza e polo facultativo designado polo Instituto Nacional de Toxicoloxía e de Ciencias Forenses, que tamén actuará como secretario.

Artigo 7. Colaboración e asesoramento.

A comisión, por iniciativa do seu presidente, poderá solicitar a colaboración e o asesoramento do persoal adscrito aos distintos laboratorios de análise do ADN con fins de investigación criminal ou de identificación de desaparecidos, así como das bases de datos de ADN, para o exercicio das súas funcións.

Artigo 8. Procedemento de avaliación de laboratorios de análises de ADN.

1. A Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN propondrá aos laboratorios que pretendan realizar contrastes de perfís xenéticos na investigación e persecución de delitos e na identificación de cadáveres o desenvolvemento das medidas de garantía da calidade que estableza a norma europea de acreditación vixente. Para tal fin establecerá os prazos pertinentes para facer efectiva a adecuación dos laboratorios á dita norma, así como o procedemento de avaliación e documentación.

2. En calquera caso, os laboratorios someteranse aos controis periódicos de calidade que deban efectuarse de acordo coa norma europea de acreditación vixente.

3. No caso de que se detecten deficiencias nestes controis periódicos, a Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN requirirá o laboratorio de que se trate para que aquelas sexan reparadas nun prazo de dous meses.

4. No caso de que un laboratorio non repare as deficiencias detectadas, a Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN retirarlle a acreditación, sen que o laboratorio poida solicitar unha nova ata que se repare a causa que a determinase.

Contra esta resolución da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN poderase interpor recurso de alzada ante o secretario de Estado de Xustiza.

Disposición adicional única. Apoio administrativo.

O Instituto Nacional de Toxicoloxía proporcionarlle á Comisión Nacional para o Uso Forense de ADN os medios persoais e materiais necesarios para o eficaz desenvolvemento das súas funcións.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.

Autorízanse os ministerios de Xustiza e do Interior para ditaren as disposicións precisas para o bo funcionamento da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

20104 *ORDE EHA/3598/2008, do 18 de novembro, pola que se modifica a Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados. («BOE» 299, do 12-12-2008.)*

A aprobación dun novo Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 1317/2008, do 24 de xullo, exige a modificación de certos artigos do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, así como da súa normativa de desenvolvemento.

A Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados, fai alusión a determinados aspectos contables. A modificación da orde obedece á necesaria adaptación que debe existir entre a orde e o novo Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, mantendo o réxime de garantías de solvencia destas.

A disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, habilita o ministro de Economía e Facenda para desenvolver o seu regulamento en canto sexa necesario e así se prevexa nel. A disposición derradeira segunda do Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, habilita o ministro de Economía e Facenda para realizar o desenvolvemento normativo das disposicións contidas no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, en canto sexa necesario para a súa mellor execución e desenvolvemento.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados.

Dáselle unha nova redacción ao artigo 3 da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, coa cal se modifica o seu punto 2, se suprime o actual punto 6 e se renumeran os puntos seguintes, de forma que o artigo pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. *Adecuación dos investimentos asignados a determinadas operacións de seguro en función da relación entre valores actuais dos investimentos e as obrigas, e do tratamento dos riscos inherentes á operación.*

1. As operacións a que se refire o artigo 33.2.b) do regulamento, no que se regula o tipo de xuro aplicable para o cálculo da provisión de seguros de vida, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) O valor actual dos fluxos de cobramento procedentes dos investimentos asignados á operación de seguro debe ser en todo momento igual ou superior ao valor actualizado dos fluxos probables correspondentes ás obrigas derivadas dos contratos, determinado a tipos